

MESA SECTORIAL



RESUMO DA MESA DO 09/06/09

Orde do día:

1. Aprobación se procede, das Actas das sesións celebradas os días 4 e 29 de maio.
2. Negociación de criterios para reagrupamentos do alumnado de infantil e primaria.
3. Normas para a adxudicación de destino provisional curso 2009/10 para o Corpo de mestres e Corpo de catedráticos, PES, PTFP, EOIS...
4. Convocatoria de concurso de méritos específico entre o persoal funcionario de carreira do Corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.
5. Resolución da dirección xeral de RH, pola que se establece o procedemento para o acceso á docencia en diversas especialidades nos conservatorios superiores de música
6. (NOVO) Modificación da oferta de ciclos formativos.
7. Rogos e preguntas.

Representantes da Administración: Jose Manuel Pinal (D. Xeral de centros e RRHH), Jose Luis Canosa (Subdirector xeral de Persoal), e Xefes de servizo de persoal primaria e secundaria.

1. Apróbanse as actas do 4 e 29 de maio coas alegacións remitidas por **ANPE**.

2. O subdirector xeral preséntanos a proposta da Administración tal e como se acordara na última mesa sectorial:

- Agrupamento en educación infantil: número igual ou menor de 18.
- Agrupamento en educación primaria: número igual ou menor de 18.
- Agrupamento de diferentes ciclos: número igual ou menor de 15.

Dende **ANPE** facemos constar:

Antes de entrar a valorar a proposta feita pola Administración mostramos a nosa preocupación pola supresión de prazas e resultados tras a publicación das vacantes definitivas no DOG do 4 de maio cando as creíamos pechadas e se sacan entre a resolución provisional e a definitiva do CXT. Así, encontrámonos coa eliminación de 53 vacantes que afectaron á resolución definitiva.

As vacantes deben analizarse polos canles dos que dispoñemos: Xuntas de persoal e Mesa Sectorial.

Expoñemos os motivos da nosa proposta:

- Debe tratarse de **MEDIDAS EXCEPCIONAIS** non dunha norma de aplicación xeral, xa que afecta en maior medida á zonas rurais do interior de Galicia coa particularidade non só de despoboamento senón tamén de dispersión xeográfica.
- **OS REPETIDORES DEBEN SER CONTABILIZADOS.**
- Debe terse en conta a **Incorporación tardía de alumnado**, moitos deles inmigrantes e cunhas casuísticas moi particulares.
- **Contemplar o alumnado con necesidades educativas específicas (NEE).**
- Estudio de matrícula en cada centro educativo ante as posibles supresións de profesorado, sobre todo, sirva como exemplo, cando falamos de un só centro por localidade.
- No programa do PP contéplase a redución de ratios e aínda non as vemos reflectidas con estas medidas. **COMO XA SE FAI NOUTRAS CCAA, DEBE HABER UNHA NEGOCIACIÓN NA QUE SE TENA EN CONTA O SINALADO NOS PUNTOS ANTERIORES.**

Atendendo ós puntos anteriores, **ANPE** propón:

- **EI: número menor ou igual a 10.**
- **EP: número menor ou igual a 12.**
- **Interciclos: número menor ou igual a 10.** (coa salvidade de que salvo rarísimas excepcións non se deben producir este tipo de agrupamentos se non queremos volver as antigas escolas unitarias)

RESPOSTA DA ADMINISTRACIÓN

- Aclaran que non están a falar de ratios, só de agrupamentos. Na negociación de catálogos teranse en conta os alumnos con NEE disporán de profesorado de apoio provisional ou definitivo segundo as circunstancias pero, en ningún caso suporá aumento de unidades.
- Están dacordo coa temporalidade: computarase o alumnado futurible, non se farán supresións cando poida haber aumento de matrícula. Traerán á Mesa os novos catálogos.
- Aínda que recoñecen a modificación de vacantes no CXT, recoñecen que o número dista das 300 contabilizadas polas OOSS, e así xustifican a non aplicación da circular á Inspección. *(Aínda así, lle insistimos en que a Inspección segue a transmitir a aos centros educativos cando a negociación non está pechada)*
- Aceptan a estabilidade do profesorado e pesa liña están a traballar.
- **Non aceptan, en principio, as propostas das OOSS ó distaren da súa, piden un acercamento de posturas; as estudarán e volverán á Mesa con novos criterios e ademais traerían os datos sobre o profesorado afectado. (Exiximos que non se pode dilatar máis no tempo e que se faga na mesa do próximo venres 12 de maio e aceptano).**

3. Normas para a adxudicación de destino provisional curso 2009/10 para o Corpo de mestres e Corpo de catedráticos, PES, PTFP, EOIS...

Estudadas as Ordes presentamos as seguintes alegacións:

- Insistimos no cumprimento do Acordo do 8 de xuño á hora das posibles vacantes.
- Coma en anos anteriores seguimos a insistir en que as vacantes teñen que saír cos perfís ben definidos por parte da Administración e que sexan REAIS.
- Hai que acotar as adscricións funcionais nos centros, xa que non se seguen criterios obxectivos e igualitarios, depende das direccións dos centros e da Inspección de turno.
- Avisar ós substitutos que empezaron a traballar recentemente de que deben cumprimentar a petición de destinos. (*Aceptano*)
- Estamos dacordo co punto sexto onde se recolle que: **o persoal que solicite Comisión de Concilia debe cubrir a petición de destinos coas localidades iniciais na mesma orden en que as colocou na solicitude de dita comisión.**
- Aprobamos a medida recollida no mesmo punto da orde de adxudicación para o profesorado en expectativa: **1º Mestres coa especialidade de primaria e exclusivamente nesta, e logo o resto.**
- Non se deben adxudicar de oficio prazas de PT AL cando se trate de alumnado con problemática específica; nin de Francés cando sexa para impartir o 2º idioma. (*Non o aceptan*)
- Deberíase ampliar o prazo de 5 días para os opositores que superaron o proceso selectivo.

SECUNDARIA:

- Hai que ser coherentes coas prazas con “afíns”, porque as veces desprázase ao funcionario titular desa especialidade por “falta de horario”. Compensar esas prazas de horario incompleto con tarefas de apoio ou desdobres no propio centro.
- **ACEPTAMOS** que os funcionarios que posúan varias especialidades podan participar por todas. **Non aceptamos** dar de oficio polas afíns.
- É imprescindible establecer uns criterios obxectivos en relación as materias afíns.

RESPOSTA DA ADMINISTRACIÓN

- Sempre remiten as propostas. Tratarán de mellorar a execución e paliar os problemas na medida do posible.
- Darán as instrucións oportunas á Inspección para perfilar as vacantes e por defecto as afíns (sobre todo en secundaria).
- O Acordo está presente dende o momento en que se incrementou o número de prazas nun millar. Desde esa premisa haberá casos excepcionais en que se cubrirán con provisionais.
- Corroboran a nosa aprobación das peticións coincidentes no caso de Comisión de servizos. Non tolerarán o fraude.
- Para quedar en lista de substitutos é necesario ser especialista; corruxarán o anexo II.
- En Secundaria estudarán a posibilidade de que a adxudicación de oficio polas afíns se poida recoller como *opcional*.
- Segue a recollese este ano a excepción de que os funcionarios definitivos das EOI poidan participar na **adxudicación provisional** xa que as prazas das extensións aínda non se sacaron no CXT.
- Procurarán mellorar os problemas de execución.

4. Convocatoria de concurso de méritos específico entre o persoal funcionario de carreira do Corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente

A Administración xustifica esta convocatoria debido a que a última foi no ano 2007 e hai que volver a cubrir postos específicos cunha duración **limitada** en réxime de comisión de servizos. Hai alguna praza a maiores.

ANPE propón que:

- A forma de cobertura paréceunos acertada aínda que debe facerse en casos puntuais.
- Con respecto ó punto 5 cremos que a Comisión debe ser **única e máis técnica**, non debe haber subcomisións. **(Acéptano)**
- No artigo 8º a duración debe poder ser de 8 anos se o alumno/a comenza dende infantil.
- Pedimos a supresión do artigo 7º xa que é incongruente co seguinte: non pode darse resposta en 6 meses cando se toma posesión a 1 de setembro. **(Acéptase, foi un erro)**
- No anexo II, recoller no punto 1 a especialidade de AL cando hai unha praza específica na que se pide un especialista de AL. **(Acéptano)**

5. Resolución da dirección xeral de RH, pola que se establece o procedemento para o acceso á docencia en diversas especialidades nos conservatorios superiores de música.

ANPE exige:

- Aclaracións sobre as vacantes, xa que as descoñecemos.
- **De non desaparecer o Proxecto debe diminuír a súa puntuación.** **(NON o aceptan)**
- **Anexo II** débese ampliar os anos de servizo.
- **No artigo 5º:** eliminar o dos 10 últimos anos. **(Aceptan que se teñan en conta outros aínda que con menor puntuación)**
- **No apartado de Formación deben recollese outros cursos, aínda que non sexan organizados pola Administración,** relacionados con actividades pedagóxicas e didácticas. **(En principio non habería problema)**
- No apartado de doutoramento: non cremos que se deba valorar igual (1 punto) o relacionado coa súa titulación que os "outros". **(Acéptano)**

Sendo as 15.45 horas se finaliza, engadindo os dous puntos que faltan na Mesa convocada para o vindeiro Venres 12 de maio, na que se tratará ademais o Calendario escolar.